



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE MARZO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello de Laxe, do treito da estrada AC-429, situado entre os puntos quilométricos 10 + 900 e 11 + 420.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Servicio Galego de Saúde para o ano 2019.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural a Cova de Eirós, no termo municipal de Triacastela (Lugo).

ACORDOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de cooperación asinado o 14 de xuño de 2018 entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Comisión de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e os Estados Unidos de América (Comisión Fulbright) para a incorporación de auxiliares de conversa para o curso 2019-2020 por un importe total de catrocentos sesenta e tres mil oitocentos euros (463.800€).



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación suxeita a regulación harmonizada, dos servizos de hemodiálise extrahospitalaria a pacientes beneficiarios da Seguridade Social protexidos polo Servizo Galego de Saúde, na Comarca do Deza, por un importe de dous millóns setecentos sesenta e un mil setecentos dez euros (2.761.710,00€), e un valor estimado de cinco millóns cincocentos vinte e tres mil catrocentos vinte euros (5.523.420,00€).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza á Consellería de Política Social a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a prestación de servizos no marco da Rede Galega de atención temperá, cofinanciadas polo Programa operativo Fondo Social Europeo Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. Importe total: un millón seiscentos trinta e tres mil novecentos cincuenta e tres euros (1.633.953,00€).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre os programas Galicia Emprega, dirixidos a mulleres, mocidade, parados de longa duración e persoas con capacidades diferentes.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe relativo a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA).
- Informe sobre a esixencia de cumprimento do calendario de vacinas nas escolas infantís sostidas con fondos públicos.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O CATÁLOGO DE PRAIAS DE GALICIA, QUE IDENTIFICA CASE MIL AREAIS NA COMUNIDADE GALEGA, ENTRARÁ EN VIGOR ESTA PRIMAVERA

- *O inventario de praias de Galicia recolle un total de 987 praias, das cales 745 son naturais, 200 urbanas e 42 urbanas con plans de protección ou de conservación de especies*
- *Esta regulación tamén define os límites de cada Administración dentro das súas competencias e a tramitación e outorgamento dos títulos de ocupación do Dominio Público Marítimo Terrestre*
- *O Consello da Xunta, reunido esta mañá, deu o visto e praxe ao Decreto polo que se catalogan os tramos urbanos e naturais das praias galegas, que tivo en conta os datos do Plan de Ordenación do Litoral*

O Consello da Xunta na súa reunión desta mañá deu o visto e praxe ao Decreto polo que se catalogan os tramos urbanos e naturais de Galicia, que entrará en vigor esta mesma primavera. O documento, que tomou como referencia o Plan de Ordenación do Litoral, identifica case 1.000 praias (987), da cales 745 son naturais, 200 urbanas e as restantes (42), urbanas con plan de protección.

A Xunta destaca que en base a esta regulación habilítase unha norma concreta, que ata o momento non existía, achegando seguridade xurídica; ao mesmo tempo que se definen os límites de cada Administración dentro das súas competencias en ditos tramos ou praia, como por exemplo o outorgamento de títulos de ocupación en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Así, as praias son parte do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT), titularidade do Estado, polo que é a administración que legisla e fixa o seu réxime de protección e exerce as competencias para a súa protección (deslindes, outorgamento de títulos para uso das praias -autorizacións e concesións-, potestade sancionadora).

Á Comunidade autónoma correspóndelle a súa ordenación (instrumentos de planificación territorial e urbanística) e aos concellos, dado que as praias son parte do termo municipal, correspóndelles a planificación dos usos do solo, sempre dentro do que marca a lexislación de Costas.

En base a esta nova ferramenta, considerarase praia urbana -ou tramo- aquela que estea integrada nunha área urbana que reúna algunha das seguintes características: clasificada como urbana ou consolidada pola edificación nun mínimo dun cincuenta por cento da súa lonxitude ou se atopen dotadas dalgúns servizos como acceso peonil e rodado, dispoñan de subministro de agua potable e enerxía eléctrica ou rede de saneamento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

Por outra banda, catalóganse como praias naturais aquelas que non cumpran os criterios anteriores. Asemade, tamén se establece unha distinción para as praias naturais -ou tramos- que están situadas en ámbitos nos que se aplica un plan de protección ou de conservación de especies, conforme á lexislación sobre conservación da natureza; polo que os usos e actividades a realizar deberán ser acordados co establecido nos seus correspondentes instrumentos de planificación, debendo contar con autorización ou informe do órgano competente en materia de patrimonio natural, nos termos previstos na normativa ou nos instrumentos de planificación de aplicación.

Grazas a esta nova catalogación desenvólvese o mandato normativo contido na disposición transitoria 24 do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro), no que se sinala que a administración competente en materia de ordenación do territorio deberá delimitar os tramos das praias de acordo co artigo 67 do dito regulamento.

Autorización de instalacións

Tendo en conta as características do areal, ou dous seus tramos, que se atopen en Dominio Público Marítimo Terrestre permitiranse a instalación de establecementos de comidas e bebidas cunhas características concretas, tal e como xa se establece na normativa estatal de Costas.

No caso daquelas praias e tramos naturais, as instalacións serán desmontables, temporais e máis pequenas; pois só se autorizará a ubicación de instalacións ao aire libre (chiringuitos) desmontables entre os meses de maio e outubro e que teñan unha superficie máxima de 70 metros², dos que 20 metros como máximo serán de instalación pechada. Asemade, tamén se define a necesidade de manter unha distancia mínima entre as mesmas (uns 300 metros²) e -no seu conxunto- terán unha ocupación inferior ao 10% da superficie da praia en marea alta.

No caso das praias urbanas, ou dos seus tramos, permitiranse instalacións fixas e temporais. Para estas últimas, mantense a mesma superficie que nas praias de tramos naturais, coa diferenza que a distancia entre as mesmas será duns 100 metros² e o conxunto das instalacións deberán ter unha ocupación inferior ao 50% da superficie da praia en marea alta.

En canto ás instalacións fixas en praias urbanas, terán unha superficie de 200 metros², dos que 150 poderán ser pechados e os restantes serán para terraza pechada e desmontable. Poderán engadirse 70 metros² de ocupación aberta e desmontable, así como unha zona de aseo que non supere os 30 metros² de uso público e gratuíto. A distancia mínima entre dúas instalacións deste tipo será de 150 metros² entre as mesmas.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DE LAXE DA TITULARIDADE DO TREITO FINAL DA ESTRADA AC-429 INTEGRADO NO NÚCLEO URBANO

- *O concello solicitou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a titularidade desde a glorieta de Fendillo ata o remate deste vial, que conta con marxes acoutadas por edificacións e múltiples accesos a rúas municipais e cun tráfico urbano e local*
- *O departamento de Infraestruturas da Xunta investiu 90.000 euros en actuacións na travesía, repintando o tramo e mellorando a sinalización dos pasos de peóns coa colocación de sinais verticais luminosas*
- *Os cambios de titularidade tramítanse conforme coa Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto do Goberno galego por proposta do departamento de Infraestruturas da Xunta*
- *Coa transferencia, o concello asume a responsabilidade da conservación do tramo e poderá actuar de modo acorde coas súas características*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a transferencia a prol do Concello de Laxe do treito final da estrada de titularidade autonómica AC-429, que se corresponde coa rúa Vila Amparo, ao estar integrado de facto no núcleo urbano do municipio coruñés.

O Concello de Laxe solicitou á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o cambio de titularidade deste treito urbano da vía de titularidade autonómica, desde a glorieta de Fendillo ata o final da estrada. Trátase dun treito dunha lonxitude de 810 metros do vial AC-429, que comunica Ponteceso con Laxe, desde o punto quilométrico 10+900 ao 11+710.

O departamento de Infraestruturas da Xunta informa favorablemente do cambio de titularidade deste treito, que conta con marxes acoutadas por edificacións que forman parte do núcleo urbano de Laxe, con múltiples accesos a rúas municipais, e tráfico principalmente urbano e local de curto percorrido. Ademais os terreos polos que discorre están clasificados polo Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello coruñés como solo urbano.

O cambio de titularidade non require investimento da Xunta, non obstante o departamento de Infraestruturas da Xunta atendeu á solicitude municipal de repintado da travesía, sinalización de varios pasos de peóns, 3 deles elevados, instalación de sinais luminosas nos pasos de peón e adaptacións nas beirarrúas na contorna dos pasos de peóns. As actuacións foron levadas a cabo departamento de Infraestruturas da Xunta na primavera e o verán de 2018, e supuxo un investimento duns 90.000 euros.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

A transferencia a prol do Concello de Laxe deste treito do viario autonómico tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade como competente en materia de estradas e logo do acordo entre as Administracións implicadas.

Co cambio de titularidade aprobado hoxe polo Executivo autonómico, o Concello de Laxe terá a competencia para actuar en ambas as vías e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.


O Decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ano da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

A entrega dos bens formalizarase no prazo de dous meses seguintes a súa publicación no DOG mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

No seguinte plano amósase o treito a transferir ao concello coruñés:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta





INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE OFERTARÁ 1.314 PRAZAS DE PERSOAL ESTATUTARIO FIXO POTENCIANDO A COBERTURA EN ATENCIÓN PRIMARIA

- *As prazas ofertadas en medicina de familia de atención primaria son 200, que sumadas ás ofertadas na OPE 2018 permitirán convocar nos vindeiros meses 254 prazas desta categoría*
- *Como novidade fronte as anteriores ofertas, a taxa de reposición que se aplica é do 108%*
- *No período 2012-2019, o Sergas ofertou máis de 6.000 prazas para o sistema sanitario público de Galicia*

O Consello da Xunta aproba o Decreto da oferta pública de emprego (OPE) Trátase cun total de 1.314 prazas correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do Sistema Sanitario Público de Galicia para o ano 2019. Como novidade, fronte ás anteriores ofertas, a taxa de reposición que se aplica é do 108%, incluíndo o 8% adicional previsto para as administracións públicas que cumpriron os obxectivos de estabilidade. Así, a Sanidade pública conta con 213 prazas extra (que supoñen 81 prazas relativas ao 8% do sector de sanidade) e a cesión da taxa do ámbito de Función Pública (43 prazas) e de Educación (89 prazas).

Esta nova oferta súmase ás aprobadas ininterrumpidamente polo Sergas dende o ano 2012. No período 2012-2019, as prazas ofertadas no sistema sanitario público de Galicia é de 6.006 prazas.

A oferta foi negociada no ámbito da Mesa Sectorial de Sanidade do pasado día 12 de marzo de 2019. En concreto, a oferta recolle 332 prazas para personal estatutario licenciado sanitario, 567 de persoal diplomado sanitario e de formación profesional e 415 prazas de persoal estatutario de xestión e servizos. As prazas ofertadas serán provistas polo sistema de concurso-oposición, co establecemento de quenda libre, promoción interna, e quenda de discapacitados, incluída discapacitados intelectuais.

Convocatoria de atención primaria neste 2019

O Sergas convocará neste primeiro semestre de 2019 os procesos selectivos das categorías dos ámbitos asistenciais cunha maior demanda, como a medicina familiar e comunitaria, e a pediatría de atención primaria.

En concreto, para a provisión destas prazas na convocatoria acumularanse as ofertas de emprego público de 2018 e 2019, co que o número total de prazas convocadas para médicos de familia de atención primaria será de 254, e de 93 para pediatras de atención primaria.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Igualmente convocaranse os procesos selectivos de categorías de enfermería especialistas familiar e comunitaria, enfermería pediátrica, enfermería do traballo, de saúde mental, e matró/a.

Desglose de prazas

PRAZAS	CATEGORÍA
85	Facultativos Especialistas de área de 22 categorías
4	Facultativo médico de urgencias hospitalarias
2	Facultativo médico de admisión e documentación clínica
3	Persoal médico asistencial FP-061
200	Medicina Atención Primaria
35	Pediatría Atención Primaria
3	Odontoloxía Atención Primaria
332	TOTAL LICENCIADOS SANITARIOS
302	Enfermería
47	Enfermería especialista
6	Fisioterapeutas
118	Técnicos en coidados auxiliares de enfermería
25	Técnico en farmacia
16	Técnicos superiores en anatomía patolóxica e citoloxía
25	Técnico superior imaxe para diagnóstico
25	Técnico superior de laboratorio de diagnóstico clínico
3	Técnicos superiores en radioterapia.
567	TOTAL PERSOAL DIPLOMADO SANITARIO E DE FP
30	Calefactor
6	Persoal de cociña
9	Condutores
16	Costureiro
30	Electricista
11	Fontaneiro
27	Lavandería
17	Mecánicos
45	Pasadores do ferro
60	Persoal de servizos xerais



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

9	Persoal técnico superior
90	Pinches
10	Técnico especialista sist. e tecnoloxías da información
4	Técnicos superior sistemas e tecnoloxías da información
4	Técnicos xestión sistemas e tecnoloxías da información
25	Telefonistas
22	Traballadores sociais
415	TOTAL PERSOAL XESTIÓN E SERVIZOS

A XUNTA DE GALICIA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL A COVA EIRÓS EN TRIACASTELA

- *Trátase dun conxunto senlleiro do patrimonio galego, que reúne valores históricos, artísticos, arqueolóxicos e paleontolóxicos entre os que destaca o testemuño único dun conxunto de mostras de arte rupestre*

O Consello da Xunta de Galicia deu luz verde ao Decreto polo que se declara ben de interese cultural (BIC), na categoría de protección de xacemento arqueolóxico, a Cova Eirós, no termo municipal de Triacastela (Lugo), polo que queda acreditado o seu valor sobranceiro.

O expediente foi incoado en abril de 2017 e, no proceso, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega de Belas Artes e a Universidade de Santiago de Compostela emitiron informes favorables á declaración de BIC. Así mesmo, das oito alegacións recibidas durante o prazo de exposición pública foron estimadas parcialmente sete delas, o que supón un 87,5% de aceptación. Isto permitiu que a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural establecese que a categoría apropiada para este ben fose a de xacemento arqueolóxico en lugar de monumento, tal e como propoñía o expediente inicial.

As campañas arqueolóxicas realizadas co apoio da Xunta nesta cavidade cárstica durante os anos 1993 e no período 2008-2016 descubriron restos de ósos das cavernas e ocupacións paleolíticas que abranguían desde o Paleolítico medio (ca. 41.000 BP) ata os momentos finais do Paleolítico superior (ca. 12.000 BP) e indicios de presenza dunha serie de motivos e gravados nas paredes da Gran Sala e nunha das galerías do interior da cavidade. Destes achados dedúcese o excepcional valor científico e patrimonial da Cova de Eirós, ao aglutinar un xacemento paleontolóxico de grande interese no fondo da cova cun xacemento arqueolóxico cunha dilatada secuencia de ocupación. A todo isto cómpre engadir a localización da arte rupestre prehistórica, a primeira deste tipo coñecida na comunidade autónoma galega.

Aínda que se producen achados arqueolóxicos e paleontolóxicos ao longo de toda a cova, a principal concentración dos primeiros dáse na súa boca, onde se constatan ocupacións do Paleolítico medio e superior, prehistoria recente e medieval. A principal concentración de ósos das cavernas prodúcese ao fondo da galería leste, no lugar onde se formou o lago artificial. En canto á arte rupestre que se documenta na cova, ata o de agora están identificados un total de 13 paneis con 93 motivos que se concentran na gran sala e na galería leste.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

Por todo isto, e en termos de valoración cultural, o conxunto de Cova Eirós é un ben senlleiro do patrimonio cultural galego, que reúne valores históricos, artísticos, arqueolóxicos e paleontolóxicos singulares que permiten coñecer a evolución dos usos cavernosos ao longo do tempo, entre os cales destaca o testemuño único dun conxunto de mostras de arte rupestre en Galicia.

Réxime de protección

O decreto establece un réxime de protección xeral mediante o cal as intervencións que se pretendan realizar no xacemento, no seu contorno de protección ou na súa zona de amortecemento, así como a realización de calquera actividade arqueolóxica, deberán ser previamente autorizadas pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

En canto ao réxime específico, este establece que o acceso ao interior da cova estará restrinxido a investigadores, especialistas e persoal de actividades relacionados coa xestión do ben que o precisen, e sempre que o estudo sexa contribuír á investigación científica da cova ou establecer as medidas que aseguren a súa preservación, mantendo un rexistro do número de persoas e tempo de permanencia na cova. Así mesmo, para a protección do macizo caldario na vertical da cova, poderanse establecer medidas específicas adecuadas para manter as condicións ambientais necesarias no seu interior, incluíndo as actuacións sobre a superficie, no contorno de protección e na zona de amortecemento, entre outras medidas.

Prehistoria de Galicia

Os resultados acadados nas campañas arqueolóxicas destes últimos anos revelan a importancia deste xacemento para o estudo da Prehistoria de Galicia. Os estratos escavados conteñen vestixios que comezan coas últimas comunidades de neandertais e seguen cos grupos cazadores do Paleolítico superior, os primeiros agricultores do Neolítico e chegan ata as comunidades campesiñas de época Altomedieval.

As datacións absolutas confirman o grupo de neandertais ocupante de Cova Eirós como un dos últimos que habitaron no norte peninsular, xusto antes da chegada do Homo sapiens a este territorio. Este feito permite que os investigadores vaian delimitando cada vez mellor as causas da súa desaparición e valoren se foi froito dos cambios climáticos ou da nova competencia producida pola arribada da nova especie á rexión.

Por outra banda, o estudo das manifestacións rupestres e a arte moble de Cova Eirós permite achegármonos á esfera simbólica e ritual das culturas dos cazadores do Paleolítico superior. Os últimos traballos levaron a descubrir novos motivos e a afondar no estudo das súas características técnicas e estilísticas mediante a aplicación de novas técnicas, como pode ser a fotogrametría. Ao mesmo tempo, a análise e datación por



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

carbone 14 permite atribuír a unha boa parte destas manifestacións unha antigüidade de máis de 10.000 anos, xa cando habitaban as últimas sociedades de cazadores colleiteiros.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

O SISTEMA EDUCATIVO GALEGO CONTARÁ O PRÓXIMO CURSO CON 40 AUXILIARES DE ALTO PERFIL ACADÉMICO EN INGLÉS

- *O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á renovación do convenio coa Comisión Fulbright*

O sistema educativo galego contará o próximo curso con 40 auxiliares de conversa estadounidenses de alto perfil académico ao abeiro da renovación do convenio entre a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Comisión Fulbright de Intercambio Cultural, Educativo e Científico entre España e Os Estados Unidos de América, á que hoxe deu luz verde o Consello da Xunta.

O investimento total dedicado á contratación destes auxiliares para o curso 2019/20 ascende a 463.800 €, dos cales a Consellería asume o 86% e o restante será por conta da Comisión Fulbright.

O obxectivo desta iniciativa é favorecer a presenza de persoas nativas de fala inglesa cun alto perfil académico nos IES plurilingües galegos, contribuíndo ao fomento das vocacións STEM (Ciencias, Tecnoloxía, Enxeñaría e Informática), así como á competitividade futura do alumnado nestes eidos, nos cales o dominio da lingua inglesa é fundamental. A propia comisión farase cargo do proceso de preparación e difusión da convocatoria e da preselección dos auxiliares de conversa, segundo os criterios de obxectividade, calidade e independencia que rexen os seus programas, e encargarse do seguimento do programa e da xestión do aboamento das compensacións mensuais ás persoas bolseiras, así como da organización dos seminarios de orientación e seminario de seguimento e evolución que se realiza para todas as persoas bolseiras Fulbright estadounidenses en España.

Esta medida enmárcase na Estratexia galega de linguas estranxeiras 2020, EDUlingüe, cuxo obxectivo fundamental é estender o plurilingüismo a todas as etapas educativas e facilitar que os alumnos e alumnas poidan acreditar o seu nivel de lingua estranxeira ao final de etapa. Ao seu abeiro, Galicia conta na actualidade cun total de 385 centros plurilingües.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE HEMODIÁLISE NA COMARCA DO DEZA POR UN VALOR ESTIMADO DE MÁIS DE 5,5 MILLÓNS DE EUROS

- *Realizaranse ao redor dunhas 7.000 sesións de diálise anuais*
- *A medida busca acadar unha mellora na atención dos doentes dos concellos de Lalín, Agolada, Dozón, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces e evitar o seu desprazamento, ao ofertar o servizo nun centro situado no municipio lalinense*

O Consello da Xunta autorizou a contratación dos servizos de hemodiálise extrahospitalaria na Comarca do Deza, por un importe de licitación de preto de 2,8 millóns de euros e un valor estimado (onde está incluído o orzamento de licitación, as posibles prórrogas do contrato e as posibles modificacións previstas) de 5.523.420 euros. A duración do contrato será de tres anos, prorrogable ata un máximo de cinco anos. Con esta medida, o Sergas pretende achegar os servizos de hemodiálise aos doentes dos concellos de Agolada, Lalín, Dozón, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces, con patoloxía renal que non están transplantados e que precisan deste tratamento, co obxecto de acadar unha mellora na súa atención e evitar que teñan que desprazarse varios días á semana ata o centro de diálise situado fóra da comarca dezá.

Calcúlase que se poderán beneficiar desta prestación ao redor de 45 pacientes cunha media de 13 sesións de diálise mensuais (o que supón ao redor dunhas 7.000 sesións anuais).

Coa contratación desta prestación búscase satisfacer as necesidades dos doentes e facilitar o servizo coa proximidade necesaria, tanto física como temporal no tratamento, aos pacientes e ao seu contorno familiar e ás posibilidades de tempos de viaxes en transporte público. Tamén se minimizarán os eventuais inconvenientes relacionados cos desprazamentos. O servizo de hemodiálise prestarase nun centro situado no concello de Lalín.

A contratación estará suxeita a regulación harmonizada e realizarase mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria.

Con esta medida, a Xunta de Galicia mantén o seu compromiso de achegar as prestacións sanitarias o máis preto posible dos usuarios.

Dentro das melloras que está a implantar o Goberno galego no ámbito sanitario está prevista a construción, no Concello de Lalín, do Centro Integral de Saúde (CIS). Segundo o Plan funcional de espazos, presentado o pasado ano, o CIS recolle a creación



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

dun centro integral de hemodiálise que preste servizo á poboación da Comarca do Deza. Tamén prevé incorporar, entre outros programas, a hospitalización a domicilio (HADO). Preténdese que este programa se implante progresivamente e que, en varias fases, chegue a abarcar gran parte do concello de Lalín e dos municipios de Silleda e de Dozón, cunha poboación de 35.000 habitantes.



A XUNTA INCREMENTA UN 17% AS AXUDAS AOS CONCELLOS PARA A CONSOLIDACIÓN E IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DE ATENCIÓN TEMPERÁ

- *Destina 1,6 millóns de euros a manter as 16 unidades existentes e a financiar que as entidades locais poñan en marcha outras 5 novas*
- *Nos últimos dez anos esta rede multiplicou por seis a súa extensión, ao pasar de cubrir 15 concellos en 2009 a 92 na actualidade*

O Consello da Xunta autorizou hoxe unha nova liña de axudas para este ano 2019 dirixida aos concellos para a consolidación e implantación de novas unidades de atención temperá, servizo que é fundamental para identificar e actuar sobre os trastornos que poidan sufrir no seu desenvolvemento nenas e nenos de 0 a 6 anos de idade. O orzamento inicial desta convocatoria ascende a 1,6 millóns de euros, o que supón un aumento do 17,6% con respecto ao ano pasado.

Este incremento de fondos permitirá consolidar as 16 unidades de atención temperá que xa existen e que atenderon o ano pasado máis de 770 nenas e nenos, e financiar que as entidades locais poñan en marcha outras 5 novas unidades. Así mesmo, a convocatoria volve fomentar, ao igual que en anteriores edicións, a xestión compartida destas unidades por parte de agrupacións de concellos, mancomunidades e consorcios. O obxectivo é incrementar a eficacia e eficiencia na prestación do servizo e impulsar que este se leve a cabo no ámbito municipal, o máis próximo á veciñanza e o que mellor coñece a situación específica da poboación local.

A Xunta segue a apostar por este modelo baseado na prevención, a identificación e o tratamento precoz para dar respostas ás necesidades específicas que poidan presentar os menores de 0 a 6 anos. A atención temperá facilítalles ferramentas para gañar autonomía xa desde a infancia para que gocen dunha maior calidade de vida cando sexan maiores. Ademais, ao actuar antes hai máis opcións de evitar que os trastornos no desenvolvemento perduren no tempo e sexa máis difícil corríxilos.

Nos dez últimos anos, a Rede galega de atención temperá multiplicou por seis a súa extensión ao pasar de cubrir 15 concellos en 2009 a atender 92 na actualidade. Ademais destas unidades de titularidade municipal, Galicia dispón de recursos de atención temperá nos hospitais públicos e de tres unidades nas comarcas do Deza, O Salnés e Bergantiños, que xestiona a Asociación Galega de Atención Temperá (Agat).



GALICIA EMPREGA APOIARÁ A FORMACIÓN E CONTRATACIÓN DE 1.100 MULLERES, PARADOS DE LONGA DURACIÓN, MOZOS E PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria activa este programa no cal investirá este ano 9,4M€, un 9% máis que en 2018, para fomentar o traballo na Comunidade galega*
- *Trátase de catro liñas de axudas a través das cales cada contrato se asocia á posibilidade de mellorar a formación apoiando, polo tanto, a contratación dual de catro dos colectivos con máis dificultades para atopar un traballo*
- *O bono formación oscila entre os 2.000€ e os 4.000€, mentres que os incentivos á contratación varían, incrementándose nun 25% se é unha empresa con máis de 50 traballadores e cunha taxa de estabilidade igual ou superior ao 70%, e noutro 25% no caso de que a actividade pertenza a un sector estratéxico*
- *Emprega Muller é o que conta cun orzamento máis alto, de preto de 3,4M€, con axudas mínimas para os contratos indefinidos de 12.000€ e con apoios para a transformación de contratos en indefinidos e a xornada completa*
- *Emprega Persoas con Capacidades Diferentes ou en Risco de Exclusión Social inclúe apoios mínimos de 16.000€, Emprega Parados de Longa Duración de 10.000€, e Emprega Xuventude de 6.000€ no caso da contratación indefinida inicial*
- *As solicitudes para estas catro axudas serán por concorrencia non competitiva, é dicir, por orde de presentación, e a iniciativa está dirixida a parados de longa duración, a primeira para a cal se abre a convocatoria a próxima semana*

A Xunta pon en marcha este ano Galicia Emprega, un programa co cal apoiará a formación e a contratación de 1.100 mulleres, parados de longa duración, mozos e mozas, e persoas con capacidades diferentes ou en risco de exclusión, é dicir, impulsará o traballo nos colectivos con máis dificultades para atopar un emprego, dando resposta a un dos retos principais da Axenda 20.

Para seguir avanzando neste camiño, Galicia Emprega -unha iniciativa da que se informou hoxe no Consello da Xunta- conta cun orzamento de 9,4 millóns de euros -un 9% máis que en 2018- para fomentar o traballo na Comunidade. Trátase de favorecer os contratos asociados sempre á posibilidade de mellorar a formación. Neste sentido, son catro programas que apoian a contratación dual: Emprega Muller, Emprega Persoas con Capacidades Diferentes ou en Risco de Exclusión Social, Emprega Parados de Longa Duración e Emprega Xuventude.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS Consello da Xunta

Deste xeito, por unha banda, apóianse cun bono formación os traballadores e as traballadoras para que poidan responder ás necesidades formativas do tecido empresarial e, por outra, ofrécense incentivos á contratación ás empresas impulsando a contratación indefinida ou inicial cunha duración mínima de 12 meses a xornada completa.

Bono formación e contratación

Con respecto ao bono formación, nos catro programas incentívase con 2.000 euros a cualificación dos traballadores que son contratados inicialmente por 12 meses para que reciban unha formación mínima de 50 horas. Se o contrato é indefinido, o bono incrementase ata os 4.000 euros e a formación mínima terá que acadar as 70 horas.

En canto aos incentivos á contratación, as contías varían segundo o programa, aínda que en todos os casos aumentarán nun 25% para aquelas empresas de máis de 50 traballadores e traballadoras pertencentes a sectores estratéxicos que teñan unha taxa de estabilidade nos seus cadros de persoal do 70%.

Catro programas

Emprega Muller é a liña de axuda dotada cun maior orzamento dentro do Galicia Emprega, con preto de 3,4 millóns de euros para impulsar a formación e a contratación de 340 persoas. As axudas mínimas para os contratos indefinidos son de 12.000 euros. No caso de contratos que xa sexan indefinidos, axúdase con 2.000 euros a transformación de contratos de tempo parcial a tempo completo. Para converter contratos temporais en indefinidos concederanse apoios de 4.000 euros.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria activará Emprega Persoas con Capacidades Diferentes ou en Risco de Exclusión Social con incentivos de 8000 euros para a contratación inicial deste colectivo e de 16.000 euros para os contratos indefinidos. A previsión de beneficiarios é de 180 persoas. O orzamento deste programa ascende a máis de 2 millóns de euros.

No caso de Emprega Parados de Longa Duración (2M€), as axudas para a contratación de 12 meses suman, como mínimo, 5.000 euros e incrementanse ata os 10.000 euros se se trata dun contrato indefinido. O obxectivo é contratar 250 persoas. Este programa será o primeiro que se convoque no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e a data prevista é a próxima semana.

En Emprega Xuventude (2M€), as contías para os contratos dun ano de duración serán de 3.000 euros e acadarán o dobre (6.000€) no caso de contratos indefinidos. Estímase un número de beneficiarios de 330 menores de 30 anos. As solicitudes en todos os



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

programas resolveranse seguindo a orde de presentación, é dicir, será por concorrencia non competitiva.

Os incentivos á contratación constitúen un dos mecanismos da Administración autonómica para estimular a incorporación de novas persoas traballadoras aos cadros de persoal das empresas galegas. Galicia Emprega enmárcase dentro da Axenda 20, a folla de ruta que está impulsando na Comunidade o emprego estable e de calidade con medidas, como este programa, que favorecen o incremento das oportunidades laborais e a redución do desemprego: no último ano o paro rexistrado baixou nun 7,7%, o que supón 14.498 persoas menos nas listas do paro. Ademais, Galicia conta con 18.822 afiliados máis que en febreiro de 2018, e tres de cada catro asalariados teñen un contrato indefinido.

De feito, un dos retos principais da Axenda 20 é apoiar os colectivos con máis dificultades para acceder ao mercado laboral. No último ano, o desemprego baixou entre as mulleres nun 6,52% (-6.918 persoas); nos menores de 30 anos nun 6,22% (-1.516 persoas), e nos parados de longa duración nun 13,26% (-11.291 persoas): 4 de cada 5 persoas que saíron do paro no último ano pertencían a este último colectivo. Con respecto ás persoas con capacidades diferentes, a taxa de paro retrocedeu entre 2014 e 2017 en 5,9 puntos, mentres que a taxa de ocupación medrou en 5,7 puntos.



A XUNTA INVISTE 105 MILLÓNS DE EUROS PARA POÑER EN MARCHA 227 MEDIDAS DA ESTRATEXIA GALEGA PARA A INFANCIA E A ADOLESCENCIA 2020

- *As actuacións están dirixidas á atención das rapazas e dos rapaces de Galicia, en especial daqueles que están en situación de risco, desamparo ou aos que se lles aplican medidas xudiciais*
- *Artículanse en catro liñas estratéxicas: a promoción dos dereitos e a participación; o crecemento equilibrado e saudable; a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social; e a mellora da calidade do sistema e práctica institucional*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA) 2020, un documento que propón 227 actuacións e un investimento de 105 millóns de euros para a atención das rapazas e dos rapaces de Galicia. As medidas que propón están dirixidas a todos os nenos, nenas e adolescentes que viven na nosa comunidade autónoma, pero especialmente a aqueles que están en situación de risco, desamparo ou aos que se lles aplican medidas xudiciais penais.

A iniciativa, que centrará a súa actuación en 2019 e 2020, artículase en catro liñas estratéxicas: a promoción dos dereitos e a participación; o crecemento equilibrado e saudable; a intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social; e a mellora da calidade do sistema e práctica institucional.

A primeira, a promoción dos dereitos e a participación, que engloba 51 actuacións e un orzamento de 2 millóns de euros busca sensibilizar a sociedade sobre os dereitos e os deberes da infancia e a adolescencia, así como promover a súa participación activa na Comunidade. Entre as medidas previstas están a incorporación aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dun informe sobre o impacto que teñen sobre a infancia, tal e como avanzou hai unhas semanas a conselleira de Política Social no Parlamento de Galicia; a adhesión progresiva de máis concellos ao programa Cidades Amigas da Infancia, e a creación do Consello Autonómico da Infancia como órgano de representación das nenas e dos nenos da nosa Comunidade.

En canto ás 84 actuacións que se centran no crecemento equilibrado e saudable, contan cun orzamento de máis de 19 millóns de euros. O seu obxectivo é procurar o benestar físico, psíquico e emocional da infancia e a adolescencia promovendo estilos de vida saudables e impulsando a detección precoz de factores de risco.

Para iso, recolle algunhas das medidas como a promoción do consumo responsable; a posta en marcha de campañas que preveñan a desprotección infantil, en especial o



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

maltrato e o abuso sexual; e a realización de campañas informativas en centros educativos para a identificación da violencia intrafamiliar e de xénero.

A terceira liña estratéxica, a referida á intervención en situacións de dificultade, risco e conflito persoal, familiar e social, engloba 51 medidas e é a que concentra a maior parte do orzamento: máis de 82 millóns de euros. Este eixe aglutina as actuacións centradas na prevención de situacións de desprotección e vulnerabilidade na infancia.

Seguindo coa liña que se viña poñendo en marcha desde a Xunta de Galicia, priorízase sempre que os menores se manteñan na súa familia de orixe ou, se non é posible, nun ambiente familiar. Desta maneira, as accións máis novidasas son o deseño e a posta en marcha de actuacións sociosanitarias dirixidas a mulleres embarazadas e a nenas e nenos nos primeiros meses de vida, para previr situacións de risco; e a posta en marcha de recursos específicos para previr e abordar a violencia filioparental.

Por último, a Estratexia galega da infancia e a adolescencia inclúe 41 medidas para a mellora da calidade do sistema e a práctica institucional, cun investimento total de 1,2 millóns de euros, como a creación do Observatorio Galego da Familia e a Infancia, que se aprobará definitivamente no Consello da Xunta nas vindeiras semanas, e o impulso de protocolos de colaboración que garantan a atención de nenas, nenos e adolescentes que estean dentro do sistema de protección e reforma por parte de profesionais do ámbito sanitario, especialmente de saúde mental.

Cómpre salientar que todas estas actuacións son froito dun intenso traballo colectivo do persoal técnico da Administración autonómica e das entidades e axentes implicados neste eido, que fixeron achegas durante o período de información pública.



A XUNTA EXIXIRÁ O VINDEIRO CURSO O CUMPRIMENTO DO CALENDARIO DE VACINACIÓN PARA ACCEDER A UNHA PRAZA PÚBLICA DE ESCOLA INFANTIL

- *Este requisito estará incluído na resolución de matrícula que se publicará mañá no Diario Oficial de Galicia (DOG)*
- *Deberase presentar no centro onde se adxudique a praza o impreso de matrícula debidamente cuberto e unha copia da cartilla de vacinación da nena ou do neno*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao informe sobre a necesidade de que a partir do vindeiro curso 2019/20 as nenas e os nenos cumpran co calendario de vacinación para accederen a unha praza pública en escola infantil de 0 a 3 anos. O obxectivo é concienciar as nais e os pais sobre a importancia de estar ao día nas vacinas oficiais, que son gratuítas, para protexer a saúde tanto da propia filla ou fillo coma do resto do alumnado da escola.

Este requisito estará xa incluído na resolución de matrícula que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e que se aplicará tanto nos centros da rede autonómica coma nas prazas públicas en escolas infantís privadas, que se rexen polos prezos marcados pola Xunta de Galicia.

Así pois, as persoas que obteñan unha praza pública disporán de oito días, a partir da publicación da adxudicación no DOG, para presentaren o impreso de matrícula debidamente cuberto e unha copia da cartilla de vacinación da nena ou neno.

Os servizos xurídicos da Xunta emitiron informe positivo sobre esta medida, que avalan varias sentenzas xudiciais, incluíndo dúas dos tribunais superiores de xustiza de Cataluña e A Rioxa. Estas sentenzas recalcan que neste asunto é prioritaria a protección da saúde dos menores, tal e como recoñece o artigo 43 da Constitución española, e que non se conculca de ningún xeito a liberdade ideolóxica, relixiosa ou de culto das familias, protexida polo artigo 16 da nosa Carta Magna.

Ademais, cómpre indicar que o correcto seguimento das vacinas na infancia conta co consenso da práctica totalidade dos profesionais sanitarios, incluída a Organización médica colexial e a Rede galega de investigación pediátrica.